



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xullo 2018

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Xullo 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un aumento do 8,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,9 puntos máis que no mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,0%, 2,4 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 10,7% e os Outros servizos o 2,4%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,8%, catro décimas menos que en España (2,2%).
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de xullo. Galicia é a sétima comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un aumento do 8,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,9 puntos superior ao do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,0%, 2,4 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 10,7%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de xullo (7,9 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 2,4% e achegan 0,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 8,7% e os *Outros servizos* o 6,7%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 12,6% e achega 6,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 31,2% e achega 1,1 puntos.

A nivel nacional, nas actividades comerciais, tamén son a *Venta e reparación de vehículos de motor* (14,2%) e o *Comercio por xunto* (11,1%) as actividades que máis contribúen á taxa xeral.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 2,4%; os sectores que máis contribúe a este crecemento son *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 11,7%, e o Transporte, cunha taxa do 5,1%, co que achegan 0,5 puntos cada unha. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe a facturación o 9,5%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,7%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores crecementos danse en: *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (12,5%) e *Transporte* (8,0%).

Nos sete primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 5,3% en Galicia e un 6,4% en España.

O *Comercio por xunto* é o sector que máis contribúe ao crecemento da cifra de negocios no que vai de ano, tanto en Galicia como no conxunto de España, con taxas do 6,4% e 7,9% respectivamente.

A *Hostalería* é o único sector no que diminúe a facturación nos sete primeiros meses do ano en Galicia, -3,3%. En España todos os sectores presentan taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 4,8% no mes de xullo. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 10,1% e achega 4,0 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 11,7% e achega 1,7 puntos. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe o 8,9%.


Nos primeiros sete meses do ano, o índice aumenta un 4,8%, sendo o *Comercio* (5,6%) e o *Transporte* (10,4%) os sectores que máis contribúen, 2,6 e 2,3 puntos respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 6,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 3,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de xullo en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Madrid (11,6%), País Vasco (10,6%) e Cantabria (10,1%). As comunidades con menores crecementos son Illes Balears (3,7%) e Extremadura (4,5%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Cantabria (9,7%) e Madrid (8,8%). O menor incremento rexístrase en Andalucía (3,9%).

Índices de cifra de negocios. Xullo 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,8% respecto ao mes de xullo de 2017, catro décimas menos que en España (2,2%).



O persoal ocupado aumenta un 3,0% no *Comercio* e un 1,0% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (6,2%), co que achega oito décimas á taxa de variación do índice xeral.

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 4,2% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan seis décimas a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado un 3,0%.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. Os maiores incrementos no persoal ocupado danse en *Información e comunicacións* (3,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,2%).

Nos primeiros sete meses do ano, o persoal ocupado aumenta un 1,9% en Galicia, tres décimas menos que no conxunto do Estado (2,2%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xullo con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Aragón (3,9%), Illes Balears (3,7%) e Navarra (3,1%). A comunidade onde menos crece ocupación é Asturias (0,9%).

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,8%) e Aragón e Murcia (ambas as dúas 3,2%), mentres que Extremadura (1,5%) rexistra o menor crecemento.

Índices de persoal ocupado. Xullo 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	128,9	8,6	5,3
Comercio	131,4	10,7	5,8
Venta e reparación de vehículos de motor	121,7	31,2	13,3
Comercio por xunto	139,2	12,6	6,4
Comercio ao retalho	115,2	2,1	2,6
Outros servizos	121,1	2,4	3,8
Transporte	109,9	5,1	4,0
Hostalería	139,7	-9,5	-3,3
Información e comunicacións	110,1	2,4	1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,6	6,3	5,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	153,8	11,7	13,3
España			
Xeral	126,0	8,0	6,4
Comercio	123,9	8,7	6,5
Venta e reparación de vehículos de motor	145,0	14,2	10,3
Comercio por xunto	124,4	11,1	7,9
Comercio ao retalho	115,7	2,3	2,4
Outros servizos	129,9	6,7	6,2
Transporte	125,1	8,0	6,0
Hostalería	144,1	1,3	2,0
Información e comunicacións	113,0	4,9	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	136,6	12,5	10,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	138,0	5,6	8,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	131,1	4,8	4,8
Comercio	130,3	10,1	5,6
Transporte	128,6	11,7	10,4
Hostalería	144,4	-8,9	-2,9
Información e comunicacións	112,8	3,9	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,9	11,8	7,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	143,5	8,9	12,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xullo 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	126,0	8,0	6,4
Andalucía	117,2	6,5	3,9
Aragón	124,3	6,8	8,2
Asturias	121,5	9,3	6,2
Baleares, Illes	172,2	3,7	5,9
Canarias	125,6	6,4	6,9
Cantabria	136,2	10,1	9,7
Castilla y León	116,3	5,9	4,0
Castilla-La Mancha	126,4	8,6	7,3
Cataluña	126,6	6,0	5,6
Comunitat Valenciana	126,2	5,3	4,2
Extremadura	121,9	4,5	4,7
GALICIA	128,9	8,6	5,3
Madrid	128,0	11,6	8,8
Murcia	118,3	5,0	4,3
Navarra	121,4	6,1	4,1
País Vasco	122,5	10,6	8,1
Rioja, La	134,3	9,0	6,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	109,5	1,8	1,9
Comercio	108,6	3,0	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	100,9	1,6	-0,4
Comercio por xunto	118,1	6,2	5,0
Comercio ao retalho	104,7	1,3	1,0
Outros servizos	110,1	1,0	1,7
Transporte	104,2	2,8	1,1
Hostalería	115,1	-3,0	-0,8
Información e comunicacións	106,0	3,4	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,5	1,1	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,5	4,2	4,1
España			
Xeral	109,0	2,2	2,2
Comercio	105,8	1,7	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	107,0	2,8	2,6
Comercio por xunto	106,0	2,6	2,5
Comercio ao retalho	105,4	1,0	0,9
Outros servizos	111,0	2,5	2,6
Transporte	108,8	2,9	2,9
Hostalería	114,8	0,8	1,4
Información e comunicacións	107,2	3,4	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,4	2,0	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,6	4,2	4,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xullo 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,0	2,2	2,2
Andalucía	105,7	2,0	1,6
Aragón	112,2	3,9	3,2
Asturias	105,9	0,9	2,1
Baleares, Illes	136,9	3,7	3,8
Canarias	109,3	2,6	2,5
Cantabria	112,6	1,5	2,5
Castilla y León	106,4	2,0	1,8
Castilla-La Mancha	108,0	1,9	1,9
Cataluña	110,8	2,2	2,3
Comunitat Valenciana	106,7	2,4	2,2
Extremadura	106,8	1,1	1,5
GALICIA	109,5	1,8	1,9
Madrid	107,7	2,3	2,5
Murcia	111,1	1,9	3,2
Navarra	109,6	3,1	2,5
País Vasco	105,3	1,6	1,6
Rioja, La	107,8	1,5	2,1

Fonte: INE